

## ANUNCIO

Relación de candidatos para nomeamentos de técnicos de xestión de Administración xeral interinos

Por Resolución da concelleira delegada de Economía, Facenda e Recursos Humanos número 922/2023 do 26 de maio de 2023 aprobouse a relación de candidatos para nomeamentos de técnicos de xestión de Administración xeral interinos cos aspirantes que superaron a fase de oposición e coa puntuación acadada, ordeada de maior a menor no conxunto do concurso-oposición para poder ser utilizada segundo se establece na base décima das que rexen esta convocatoria, segundo se detalla a continuación:

ASPIRANTE	Fase de concurso	Fase de oposición	PUNTUACIÓN TOTAL
ZAPATA MACEIRAS, ALEJANDRA	2,25	6,11	8,36
FRAGA PAZOS, CRISTINA	0,50	7,32	7,82
DE CELESTINO DEL BARRIO, RAFAEL	2,05	5,15	7,20
PONTE REIRIZ, IRIA	1,65	5,01	6,66

Esta relación de candidatos para nomeamentos de técnicos de xestión de Administración xeral interinos publicarase na páxina web municipal e nos taboleiros de anuncios do Concello de Cambre.

Esta resolución, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións públicas, pon fin á vía administrativa. A teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderá recorrerse potestativamente en reposición ou impugnala directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é de un mes a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo ante o mesmo órgano que a ditou (artigo 124 da Lei 39/2015).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa); todo isto sen prexuízo, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente

A concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos  
P.D. (Resolución nº 1323/2019, do 1 de xullo)

María Dolores Pan Lesta